

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 18 DE XANEIRO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día dezoito de xaneiro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Luís Alonso Riego, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Ignacio D. Saa González.
- D. José Vicente Ferreira.
- Dna. Teresa Cadilla Gonzalez.
- D. Manuel Alberto Franco Peixoto.
- D. José Luis Lomba Álvarez.

Asiste como Secretaria Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACION ACTA SESION ANTERIOR.- (05/01/07)

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 5 de xaneiro ó que responden negativamente tódolos concelleiros presentes na mesma polo que a referida acta foi aprobada.

PUNTO 2.- SERVIZOS

Lese o escrito RE 8.961 de data 19 de decembro de 2006, presentado por D. AGUSTÍN GONZÁLEZ BAZ, con enderezo a efectos de notificación na rúa Oliva, nº 5 deste Concello, solicitando a baixa nos padróns de auga, lixo e sumidoiro para dita vivenda toda vez que non habita nela.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á baixa no servizo de auga, pero nos outros dous servizos non é posible proceder a baixa solicitada.

Lese o escrito RE 97 de data 9 de xaneiro de 2007, presentado por DESINOR, S.L., con enderezo na rúa Trav. Principal, nº 5 de O Rosal, actuando en representación de D. Juan Portela Portela, solicitando a baixa no servizo municipal de abastecemento de auga para o obxecto tributario Cachiños, nº 2.

A Xunta de Goberno Local acorda que se comprobe primeiro se están dadas de alta tódalas vivendas.

Lese o escrito RE 8.459 de data 29 de novembro de 2006, presentado por D. VALERIANO ÁLVAREZ ÁLVAREZ, con enderezo na rúa de Pontellas – Centeáns, nº 3 de Porriño, solicitando revisión de contador na vivenda da súa propiedade sita na rúa 1ª Transv. Aloqueiro, nº 3 de A Guarda.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda que se lle pasen os recibos por unha media ponderada do seu consumo anterior.

Lese o escrito RE 88 de data 9 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. TERESA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, con enderezo a efectos de notificación na rúa do Porto, nº 44 deste concello, solicitando a baixa nos servizos básicos de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito en Hernán Cortés, nº 30.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á baixa do servizo de abastecemento de auga, pero nos outros dous servizos non é posible proceder á baixa solicitada.

Lese o escrito RE 5.801 de data 28 de agosto de 2006, presentado or DNA. JOSEFINA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, actuando en representación de D. Manuel González Lomba e con enderezo na rúa Fernández Albor, nº 20 de A Guarda, solicitando alta no servizo de vado permanente para o obxecto tributario Fernández Albor, nº 20.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder o solicitado.

Lese o escrito RE 4.960 de data 17 de xullo de 2006, presentado por I e J LIMA, con enderezo na rúa San Roque, nº 2 de A Guarda, solicitando alta no servizo de vado permante para o garaxe sito no edificio en construción na confluencia das rúas Orense e Coruña.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 544 de data 17 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. MARÍA DEL PILAR URIS ALONSO, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 79 de A Guarda, actuando en representación de URIS ALONSO, C.B., solicitando alta no servizo de vado para o garaxe sito na rúa Concepción Arenal, nº 64 – baixo esquerda.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 9.068 de data 22 de decembro de 2006, presentado por D. JOSÉ ALBERTO GONZÁLEZ VICENTE, con enderezo a efectos de notificación na rúa Manuel Álvarez, nº 8-2ºB de A Guarda, actuando en representación da Comunidade de Propietarios edificio Manuel Álvarez, nº 8 de A Guarda, solicitando alta no servizo de vado para o baixo sito obxecto tributario Manuel Álvarez, nº 8.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 8.957 de data 19 de decembro de 2006, presentado por D. PASCUAL BERMÚDEZ FERNÁNDEZ, con enderezo na 1ª Trav. San Roque, nº 13 de A Guarda, solicitando revisión de contador de consumo de auga.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda que se lle pasen os recibos por unha media ponderada do seu consumo anterior.

Lese o escrito RE 1.518 de data 10 de marzo de 2006, presentado por DNA. ASUNCIÓN ADROVER PÉREZ, con enderezo na rúa Puerto Rico, nº 24 de A Guarda, solicitando a baixa no servizo de abastecemento de auga municipal para obxecto tributario sito na rúa Oliva, nº 47.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado ó fontaneiro municipal para que precinte ó contador.

PUNTO 3.- SOLICITUDES

Lese o escrito RE 63 de data 5 de xaneiro de 2007, presentado por D. JOSÉ ANTONIO URIS GUIANTES, representante legal da Asociación Érguete Baixo Miño, con enderezo social na rúa Colón, nº 20, solicitando permiso para colocar novas fiestras de aluminio na fachada do seu domicilio social.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 68 de data 5 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. CARMEN MARÍA ADROVER GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Centeaes, nº 7 de A Guarda, solicitando que por parte do Concello se leve a cabo a instalación dunha rexilla na parte con máis caída da rúa do seu domicilio para evitar deste xeito o asulagamento desta zona que lle causa problemas de acceso a súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local sinala que está en vías de solución.

Lese o escrito RE 141 de data 11 de xaneiro de 2007, presentado por D. AGUSTÍN BARBOSA AMEAL, con enderezo na rúa Malteses, nº 39 de A Guarda, solicitando que deixe sin efecto o expediente de cambio de titularidade iniciado con instancia nº 2.611 de 20/04/2006 e se manteña como titular a tódolos efectos do negocio AVANTI a quen suscribe este escrito.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder o solicitado e incorporar este escrito ó expediente.

Dase conta do escrito RE 187 de data 15 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. ESMERALDA MARTINEZ PEDREIRA, en calidade de Presidenta da Asociación Española contra el Cáncer – Baixo Miño, con enderezo a efectos de notificación na rúa Cunchada, nº 12 de O Rosal, solicitando que se inclúa unha subvención para esta asociación no orzamento xeral deste concello no ano 2007.

A Xunta de Goberno Local sinala que se terá en conta a súa solicitude.

PUNTO 4.- OUTROS ACORDOS

Lese o escrito RE 8.862 de data 15 de decembro de 2006, presentado por DNA. NAHIR BEGOÑA ALONSO RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Salgueiró, nº 2 de A Guarda, solicitando que, previos os trámites oportunos, e por motivo de xubilación de Dna. Hortensia Martínez Vicente actual concesionaria do posto Planta Alta A-F da Praza de Abastos, se autorice a transferencia de dita concesión a favor da solicitante.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 9, párrafo 2 e artigo 16 do regulamento do Mercado, acorda outorgar a transferencia a Dna. Nahir Begoña Alonso Rodríguez ata a data na que se remate o prazo de concesión e co canon de 2 mensualidades.

Dase conta do escrito RE 96 de data 9 de xaneiro de 2007, presentado polos técnicos municipais D. HERMELINDO MARTÍNEZ GONZÁLEZ E D. JOSÉ MELERO CURRÁS, designando como avogado para a súa comparecencia no

xulgado de Tui por obras relacionadas co entorno do Castelo de Santa Cruz a D. Andrés González-Palacios Sardina.

A Xunta de Goberno Local recoñece a designación do avogado.

Lese o escrito RE 161 de data 12 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ ÁLVAREZ, con enderezo a efectos de notificación na rúa Fernández Albor, nº 12-2º de A Guarda, presentando reclamación para inicio de responsabilidade patrimonial e se recoñeza a indemnización de 4.750 euros por consumo de auga debido a uha fuga de auga da que non deu aviso ó concello.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle:

- O Concello realiza unha revisión trimestral dos contadores de auga para facturar o consumo sen ningún tipo de obriga hacia os usuarios de aviso no caso de que os consumos sexan altos.
- O Concello non vai facerse cargo deses recibos posto que a fuga produciuse no interior da propiedade e polo tanto é responsabilidade absoluta do contribuinte.

Lese o escrito RE 167 de data 12 de xaneiro de 2007, presentado por SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS DE PONTEVEDRA, solicitando información sobre a ocupación de dominio público marítimo terrestre na zona de Fedorento no proceso de desecado de algas.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que as algas se recollen por arribación e non por extracción e que dito labor se fai dende tempo inmemorial. Asimesmo, cómpre recordar que o secado é temporal e que a zona onde se fai é competencia de Costas; ademáis con esta recollida evítase precisamente a putrefacción das algas e consecuentemente que sexan os servizos municipais quen teñan que ir a recollelas para solucionar problemas de malos cheiros. Por outra parte, esta zona de secado é constantemente vixilada polos servizos de Costas e nunca tivemos notificación de ningún problema.

Lese o escrito RE 202 de data 16 de xaneiro de 2007, presentado por D. PABLO FLORES DÍAZ, con enderezo na rúa Fornelos, nº 5 de O Rosal, solicitando a culminación do expediente de reposición da legalidade incoado ó local denominado Camelot co número 696/2006 por construción sen licencia de galpón de madeira, así como a incoación de expediente por reiterado incumplimento de horarios.

A Xunta de Goberno Local acorda continuar co expediente de reposición da legalidade e dar traslado deste escrito á Consellería de Xustiza en relación co incumplimento do horario de apertura.

Dase conta do escrito RE 217 de data 16 de xaneiro de 2007, presentado por ASOCIACIÓN CULTURAL COLORES, xuntando as facturas correspondentes ós desfiles de entroido dos anos 2005 e 2006 para o seu abono.

A Xunta de Goberno Local sinala que ditas facturas deben ser conformadas polo concelleiro que fixo o encargo e que polo tanto se inste ó Sr. Rodríguez Fariñas para que pase polo Concello a conformalas.

Dase conta do parte de denuncia presentado ante a Policía Local de A Guarda por D. Rogelio Álvarez López, con enderezo na rúa A Portela, nº 31 de O Rosal por danos producidos no seu vehículo como consecuencia do mal estado dunha tapa de rede de sumidoiros na Estrada de A Gándara.

A Xunta de Goberno Local acorda incoar expediente de responsabilidade patrimonial abreviado.

Dase conta do parte de denuncia presentado ante a Policía Local de A Guarda por Dña. Ana Cruz González Martínez con enderezo na rúa Oliva, nº 76 de A Guarda por danos producidos no edificio de Hostal Mar sito na Praia de Area Grande como consecuencia dunha fuga de agua ó carón de dito edificio.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó seguro para que envíe un perito que valore os feitos.

Lese o escrito RE 268 de data 18 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. VICTORIA SANMARTÍN GRELA, en calidade de Presidenta do Banco de Alimentos de Vigo solicitando a colaboración deste concello cunha donación de 300 euros para a compra de aceite para repartir entre os beneficiarios do reparto de alimentos do FEAGA.

A Xunta de Goberno Local sinala que non cabe facer actos de liberalidade.

PUNTO 5.- INSTANCIAS DE URBANISMO

Lese o escrito RE 67 de data 5 de xaneiro de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, nº 51-8ª de Vigo, solicitando que se conceda día para examinar os expedientes de todas as edificacións existentes nunha mesma propiedade na zona de Salcidos realizadas por Blanco y Negro, S.L.

O Sr. Alcalde dá a orde de non acceder a dita petición.

Lese o escrito RE 66 de data 5 de xaneiro de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, nº 51-8ª de Vigo, solicitando certificación comprensiva do estado do procedemento que dimana da denuncia por el formulada ó constatarse actividade constructiva ilegal na rúa Baixo Muro, nº 15.

O Aparellador Municipal comparece e sinala que xa está legalizado.

Lese o escrito RE 115 de data 10 de xaneiro de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, nº 51-8ª de Vigo, presentando denuncia contra o Concello de A Guarda por deixación de funcións ó permitir que se siga conculcando a lexislación urbanística na construción dunha vivenda unifamiliar sita na Baixada á Armona, s/n promovida por Dna. Ana Isabel Lomba González e D. Simón Iglesias Martínez, e solicitando que se dispoña a suspensión inmediata dos efectos da licenza concedida.

O Aparellador Municipal comparece e informa que se lle pediu ó propietario que aportase as escrituras de arrime e rasante.

Lese o escrito RE 114 de data 10 de xaneiro de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, nº 51-8ª de Vigo, solicitando á Alcaldía que obligue á retirada inmediata do letreiro colocado ilegalmente na fachada do antigo estadio municipal del Tecla por parte de Inmobiliaria Riveira e que se elimine o muro de bloques alí construído para que se adecúe dita construción ó entorno.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á Inmobiliaria Riveira.

Lese o escrito RE 102 de data 10 de xaneiro de 2007, presentado por D. JOSEP M^º GÓMEZ HOSPITAL, en calidade de Director de Patrimonio e Medio Ambiente de Retevisión I, S.A.U. con enderezo a efectos de notificación na Avda. Gran Vía de les Corts Catalanes, 130-136, Planta 11ª de Barcelona, presentando alegacións ó Decreto 846/2006 de iniciación de procedemento de reposición da legalidade e sancionador polas obras de instalación de antena de Monte Santa Tegra.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que foi Patrimonio quen instou a paralización e que se require permiso actual de Patrimonio.

Dase conta do escrito RE 274 de data 18 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. MARÍA AVELINA ALONSO VICENTE, con enderezo na rúa Rosalía de Castro, nº 6 de A Guarda, solicitando copias de determinados documentos do expediente do PERI N^º 5.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, se lle comunicará cando estean feitas.

PUNTO 6.- ASUNTOS TRAIOS POLOS CONCELLEIROS

Dase conta do escrito RE 77 de data 8 de xaneiro de 2007, presentado polo GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, solicitando copia de determinados documentos do rexistro de entrada.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 205 de data 16 de xaneiro de 2007, presentado por INICIATIVA VECIÑAL DO BAIXO MIÑO, para facer as aclaracións oportunas ante as declaracións do Sr. Alcalde no derradeiro Pleno do mes de xaneiro e comunicando oficialmente ó departamento de Intervención que as asignacións por asistencias a pleno dos concelleiros de IvdoBM se destinen a Avelaiña e Asilo de Tui.

A Xunta de Goberno Local sinala que o que se cuestiona non é o diñeiro que cobran senón se teñen dereito a cobralo. Pola súa parte o Sr. Alcalde indica que o que manifestan os concelleiros neste escrito é falso e que coas súas asistencias pode facer o que queiran.

Dase conta do escrito RE 273 de data 18 de xaneiro de 2007, presentado polo GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, solicitando copia de determinados documentos do rexistro de entrada.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 7.- SERVIZOS SOCIAIS

Lese o escrito RE 8.578 de data 4 de decembro de 2006, presentado por DNA. MARÍA VERITA MARIÑO PÉREZ, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4-2ºD de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos á súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 8.365 de data 24 de novembro de 2006, presentado por D. AGUSTÍN LOMBA MUIÑOS, con enderezo na rúa Circunvalación , nº 34 de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos á súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda denegar ó solicitado “xa que os ingresos da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional”.

Lese o escrito RE 9.012 de data 20 de decembro de 2006, presentado por DNA. CARMEN PILAR GONZÁLEZ CIVIDANES, con enderezo na rúa Baixada á Armona, s/n de A Guarda, actuando en representación de Dna. M^a Jesús Cividanes Álvarez e solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos o obxecto tributario A Cal, nº 5-1^oEsq.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 7.233 de data 26 de outubro de 2006, presentado por DNA. JOSEFINA ALONSO NÚÑEZ, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 13-1^o de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos á súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 8.878 de data 15 de decembro de 2006, presentado por DNA. MARÍA DEL CARMEN ALONSO VICENTE, con enderezo na rúa Malteses, nº 79-3^o de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos á súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda denegar ó solicitado “xa que se trata dunha vivenda de aluguer”.

Lese o escrito RE 6.919 de data 11 de outubro de 2006, presentado por D. SERGIO DA SILVA RIBEIRO, con enderezo na rúa A Cal, nº 24 de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos á súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 8.170 de data 16 de novembro de 2006, presentado por DNA. TRINIDAD LOMBA FRANCO, con enderezo na rúa Baixada á Praia Santa Tecla, nº 24-baixo de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos á súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 7.651 de data 7 de novembro de 2006, presentado por DNA. MARÍA VIRGINIA PEREIRA GONÇALVES, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 63-1ºD de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos á súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda denegar ó solicitado “xa que se trata dunha vivenda de aluguer”.

Lese o escrito RE 8.654 de data 7 de decembro de 2006, presentado por DNA. JOSEFINA COELLO VICENTE, con enderezo na rúa Camiño Barreira, nº 5 de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos á súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 9.118 de data 27 de decembro de 2006, presentado por DNA. CARMEN CASTRO CADILLA, con enderezo na rúa Baixada á Praia Santa Tecla, nº 29 de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos á súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 7.898 de data 9 de novembro de 2006, presentado por DNA. JOAQUINA RODRÍGUEZ PACHECO, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 2-1ºEsq de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos á súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 8.- SUBVENCIONES

Vista a Orde de 18 de decembro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ós concellos galegos para a promoción de iniciativas ambientais, así como a súa convocatoria para 2007, A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda solicitar dita subvención.

Asiste o funcionario do departamento de Urbanismo D. José María Álvarez Álvarez.

PUNTO 9.- PRÓRROGA DE OBRAS

Lese o escrito RE 9.216 de data 30 de decembro de 2006, presentado por DNA. MONTSERRAT MAGALLANES ÁLVAREZ, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 69 de A Guarda, solicitando prórroga de obras para a licencia 16/2003.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licencia 16/2003 por un ano.

PUNTO 10.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE OBRAS

Lese o escrito RE 271 de data 18 de xaneiro de 2007, presentado por DOMUS GAUDA, S.L., con enderezo social na rúa Galicia, nº 28-baixo de A Guarda, solicitando cambio de titularidade de solicitude de licencia para a construción de vivenda unifamiliar sita na rúa Rosentes presentado con RE 6.516 de 27 de setembro de 2006 que figuraba a nome de Citania Atlántica, S.L. pasando a nome do comprador Domus Gauda, S.L. para o que adxunta escritura de compra.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 272 de data 18 de xaneiro de 2007, presentado por DOMUS GAUDA, S.L., con enderezo social na rúa Galicia, nº 28-baixo de A Guarda, solicitando cambio de titularidade da licencia nº 157/2006 que figuraba a nome de Citania Atlántica, S.L. pasando a nome do comprador Domus Gauda, S.L. para o que adxunta escritura de compra.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 11.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por DOMUS GAUDA, S.L.(RE 7.197 de data 25 de outubro de 2006), para a apertura dun local dedicado a actividade de PROMOCIÓN INMOBILIARIA DE EDIFICACIÓNS (Epig. 833.2) situado na rúa Galicia, nº 28-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DOMUS GAUDA, S.L. licencia municipal nº 1/2007 para a apertura dun local dedicado a actividade de PROMOCIÓN INMOBILIARIA DE EDIFICACIÓNS (Epig. 833.2) situado na rúa Galicia, nº 28-baixo.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ PENIZA (RE 7.362 de data 02 de novembro de 2006), para a apertura dun local dedicado a actividade de XESTORÍA ADMINISTRATIVA (Epig. 722) situado na rúa Manuel Álvarez, nº 23-baixo B.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ PENIZA licencia municipal nº 2/2007 para a apertura dun local dedicado a actividade de XESTORÍA ADMINISTRATIVA (Epig. 722) situado na rúa Manuel Álvarez, nº 23-baixo B.

(Auséntase o Sr. Saa González)

PUNTO 12.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumprilo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servicios de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servicios a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teránse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condições das obras en relación coas vías e servicios públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

A INVERSIONES INMOBILIARIAS MARVIL, S.A.U., R.E. 6.522 DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2006, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE A GUARDA A TUI (P.Q. 61,5 – FORCADELA) DE TOMIÑO – C.P. 36730, PARA CONSTRUCCIÓN DE “EDIFICIO DE 7 VIVENDAS E 1 LOCAL COMERCIAL” COMPOSTO DE (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PALNTA SEGUNDA, PLANTA TERCEIRA E PLANTA BAIXO CUBERTA), SITO NA RÚA DE GALICIA, Nº 43 EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº 1 DO P.X.O.U.) “EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO”

A D^a. ROSA GONZÁLEZ PÉREZ E D. ÁNGEL MILLÁN MONTERO RPRS. POR D. JOSÉ IGNACIO PEÑA CHOCARRO (ARQUITECTO), R.E. N^o. 6.500 DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2006, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN N^o. 24-3^o DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA RÚA DE 1^o TRANSVERSAL NETOS N^o. 20, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CIVIDÁNS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

A INVERSIONES GALCANARY 2002, S.L., R.E. N^o. 1.590 DE DATA 14 DE MARZO DE 2006, E CON DOMICILIO NA AVDA. DE ORENSE N^o. 44 (LOCAL 6) DE MARIN-C.P. 36900, PARA “DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN E ANEXOS”, SITO NA RÚA DE VICENTE SOBRINO N^o. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.) “EDIFICACIÓN EN ZONAS DO NÚCLEO ANTIGO”.

A INVERSIONES GALCANARY 2002, S.L., R.E. N^o. 6.368 DE DATA 21 DE SETEMBRO DE 2006, E CON DOMICILIO NA AVDA. DE ORENSE N^o. 44 (LOCAL 6) DE MARIN-C.P. 36900, PARA CONSTRUCCIÓN DE “EDIFICIO DE 22 VIVENDAS, 3 LOCAIS COMERCIAIS E GARAXES” COMPOSTO DE (4 SOTOS, PLANTA BAIXA, 2 PLANTAS DE PISOS E ÁTICO) SITO NA RÚA DE VICENTE SOBRINO N^o 1 EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o 5 DO P.X.O.U.). “EDIFICACIÓN EN ZONAS DE NÚCLEO ANTIGO)

Non habendo máis asuntos a tratar o Presidente levanta a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.